

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezasete de outubro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e

sendo as trece horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTAS ANTERIORES

Dada conta dos borradores da acta da sesión extraordinaria do día 13 de outubro de 2023 e da acta da sesión extraordinaria urxente do día 13 de outubro de 2023, foron aprobados por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Dona MARÍA CRUZ GONZÁLEZ LOIS, con DNI núm XXXXXXXXXX e con domicilio en Pontevedra, solicita con data 17 de agosto de 2023 (RE-E

núm. 472) unha primeira prórroga do prazo para o inicio das obras de REFORMA ESTRUCTURAL E APERTURA DE OCOS EN EDIFICACIÓN TRADICIONAL, con emprazamento no lugar de Barregallos, parroquia de Carboentes.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 24 de marzo de 2023, acordou conceder a correspondente licenza municipal para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado pola solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 16/10/23, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: *“Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha primeira prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 25 de marzo de 2024.

3.- ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO” (EXPEDIENTE NÚM. ██████████)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación da obra de “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO”, na reunión celebrada o día 2 de outubro de 2023, procedeu á apertura pública dos sobres B (proposición económica) presentados polos licitadores co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 100 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	REDUCCIÓN PRAZO EXECUCIÓN	PUNTOS	PUNTUACIÓN TOTAL
VILARIÑO ESP S.L.U.	████████	180.188,07 €	2,63	3 SEMANAS	18,00	20,63
ICEXGA S.L.U.	████████	174.745,89 €	7,91	2 SEMANAS	12,00	19,91
OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO S.L.	████████	169.713,39 €	12,27	7 SEMANAS	42,00	54,27
IVANCA S.L.	████████	172.691,44 €	9,69	5 SEMANAS	30,00	39,69
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.	████████	181.188,07 €	2,33	7 SEMANAS	42,00	44,33
EFICIENCIA ECOLÓGICA S.L.	████████	116.959,81 €	58,00	7 SEMANAS	42,00	100,00
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	████████	158.268,00 €	22,19	7 SEMANAS	42,00	64,19

B/ Resume da puntuación por orde decrecente

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
EFICIENCIA ECOLÓGICA S.L.	████████	100,00
NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.	████████	64,19
OBRAS Y SERVICIOS GÓMEZ CRESPO S.L.	████████	54,27
COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS S.A.	████████	44,33
IVANCA S.L.	████████	39,69
VILARIÑO ESP S.L.U.	████████	20,63
ICEXGA S.L.U.	████████	19,91

2º.- Deseguido, a Mesa procedeu a comprobar se algunha das ofertas presentadas estaba incurso en presunción de anormalidade, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das

Administracións Públicas, por remisión do disposto sobre as ofertas desproporcionadas ou temerarias no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación. Dese xeito calculado, determinouse que o límite para considerar as ofertas como desproporcionadas e temerarias quedaba fixado naquelas con importe inferior á cifra de 148.424,10 €.

3º.- En aplicación da circunstancia anterior, considerouse que a oferta presentada polo licitador Eficiencia Ecolóxica S.L. (116.959,81 €) estaba incurso en presunción de anormalidade polo que, de conformidade co previsto na cláusula 18ª.2 do prego, acordouse requirir a dito licitador para que no prazo de cinco días hábiles, contados a partires do día seguinte do recibo do requirimento, presentara ante o Concello unha xustificación axeitada das circunstancias que lle permitirían executar a obra licitada nesas condicións, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 149.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (RS núm. 2023-S-RE-354, do 02/10/23). Asemade, designouse ao facultativo redactor do proxecto para que emitira informe técnico motivado en relación á documentación xustificativa que presente o licitador requirido.

4º.- Con data 3 de outubro do corrente (RE núm. 2023-E-RE-569), o licitador Eficiencia Ecolóxica S.L. responde ao requirimento presentando a documentación xustificativa que estima convinte.

5º.- O enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, técnico designado para a emisión do informe, emite o mesmo con data 9 de outubro do corrente, coa seguinte conclusión: *“(...) concluyo que la justificación aportada por la empresa licitadora EFICIENCIA ECOLÓGICA S.L. de su oferta económica anormalmente baja, que supone una rebaja respecto al límite por Baja Temeraria de -31.464,29 € (-21,20%) en la contratación de las obras de “Cambio de cubierta e instalación solar fotovoltaica para autoconsumo en el polideportivo del Concello de Rodeiro”, con nº de expediente PAS-O 2/2023, no aporta parámetros objetivos suficientes para que se deba estimar como favorable”.*

6º.- Á vista do informado, a Mesa de contratación reunida en data 10 de outubro de 2023 acordou propoñer ao órgano de contratación a exclusión da oferta presentada polo licitador Eficiencia Ecolóxica S.L. e, ao mesmo tempo, propoñer a adxudicación do presente contrato de obras a favor do

licitador Nature Infraestructuras y Servicios S.L., quen obtivo a maior puntuación entre as ofertas admitidas

7º.- O licitador proposto Nature Infraestructuras y Servicios S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido na cláusula 18ª.1 do prego (RS núm. 2023-S-RE-378, do 10/10/23).

8º.- Con data 17 de outubro do corrente (RE núm. 2023-E-RE-617 e 2023-E-RE-618), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, de conformidade co esixido na cláusula 12ª do prego.
- ✓ Alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato e no ámbito territorial da realización da obra obxecto de licitación.
- ✓ Designación dunha dirección electrónica habilitada para as notificacións.
- ✓ Garantía definitiva por importe de 6.540,00 €, mediante aval da entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A., estendido con data 17/10/23 (registro núm. [REDACTED]).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Excluir definitivamente, de conformidade co informe técnico emitido e coa proposta efectuada pola Mesa de Contratación, a oferta presentada polo licitador Eficiencia Ecológica S.L., por presentar oferta desproporcionada ou temeraria nos termos do establecido no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, de conformidade co establecido na cláusula 18.2 do prego, e non xustificar axeitadamente as circunstancias que lles permiten executar a obra licitada nesas condicións, en aplicación dos criterios establecidos no artigo 149.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.

Segundo.- Adxudicar o contrato para a execución da obra denominada “CAMBIO DE CUBERTA E INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO NO POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE RODEIRO” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.

CIF: ██████████

INSCRIPCIÓN NO RXC DE GALICIA: ██████████

INSCRIPCIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 130.800,00 €

IVE: 27.468,00 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Cento cincuenta e oito mil douscentos sesenta e oito euros (158.268,00 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Mellor puntuación en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores e publicalo non perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

Quinto.- Designar ao enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas como director facultativo da obra, e coordinador en materia de seguridade e saúde durante a súa execución.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE VIAL EN ALEMPARTE (O SALTO)”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2021

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1, final e liquidación correspondente á obra de “Mellora de vial en Alemparte (O Salto)”, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, por importe de TRINTA E DOUS MIL OITOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (32.844,31 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Leticia Diéguez Alonso.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 32.844,31 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2023-347 (FACe), de data 29/09/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 17 de outubro de 2023, na que se fai constar que “as obras atópanse executadas, agás vicios ocultos, segundo as prescricións previstas, sendo realizadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, cos axustes e modificacións recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 29/09/23.

5.- RECOÑECEMENTO DE COMPLEMENTO DE ANTIGÜIDADE A TRABALLADOR LABORAL FIXO DO CONCELLO

VISTA a petición formulada polo traballador laboral fixo, coa categoría de operario de servizos diversos, Don José Antonio Arias Deza (RE núm. 1696, do 16/10/23), solicitando o recoñecemento do noveno trienio.

RESULTANDO que no seu expediente persoal constan acreditados os servizos recoñecidos como traballador laboral deste Concello, así como os servizos previos recoñecidos polo Concello e o tempo transcorrido dende a súa contratación laboral.

RESULTANDO que a Xunta de Goberno Local, por acordos adoptados nas sesións celebradas os días 2 de febreiro de 2007, 13 de abril de 2010, 10 de maio de 2012, 12 de decembro de 2015, 13 de marzo de 2019 e 1 de xuño de 2021, recoñeceulle o dereito ao percibo de oito trienios.

VISTOS o Estatuto Básico do Empregado Público, o Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordantes e complementarias, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

RECOÑECER ao traballador laboral fixo Don José Antonio Arias Deza o seu dereito a percibir o noveno trienio con data de consolidación do día 13 de xuño de 2023 e con efectos económicos do día 1 de xullo de 2023.

6.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona Florinda Sobrado Diéguez (RE núm. 1628, do 02/10/23), e a proposta de resolución emitida con data 16/10/23 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30

de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Dona FLORINDA SOBRADO DIÉGUEZ, con DNI núm. [REDACTED] veciña do lugar da Ponte, parroquia de San Salvador de Camba.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS PREMIADAS NO I CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MULLER RURAL: DE ONTE E DE HOXE

De conformidade co informe emitido pola concelleira-delegada de Cultura Dona Julia Dacal Juiz en data 17/10/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda conceder os seguintes premios:

PREMIO	FOTOGRAFÍA	TITULAR
Primeiro	<i>Dúas xeracións tecendo para os netos</i>	Virtudes Diéguez Hermida
Segundo	<i>Día de descanso tras o traballo</i>	Mª Luísa Diéguez Fernández
Terceiro	<i>Moceando no 28</i>	Teresa Míguez García

8.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 302,45 €, 61,71 € E 65,53 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A/1404, 23A/1402 e 23A/1403 (FACe).
- SUPERVISIÓN Y CONTROL S.A. 48,96 €
Por taxa de ITV de vehículo municipal, s/factura núm. 361323FC0006882.

- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 3.993,00 € E 1.452,00 €
Por traballos de reparación da rede de abastecemento de auga no lugar da Torre (Guillar) e na Areosa, s/facturas núm. 12 e 14.
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 1.790,68 €
Por adquisición de libros para a biblioteca municipal de Rodeiro, s/factura núm. 12/23.
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 2.762,50 €
Por adquisición de equipo de son para o Centro Cultural Municipal, s/factura núm. 23220.
- MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO 276,00 €
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Concellos 2021, s/factura núm. 08/2023.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 1.104,03 €
Honorarios por dirección facultativa de obra incluída no Plan Concellos 2021, s/factura núm. 010/2023.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)